



O Antonio  
Tiziani  
1/8

Antón Risco nace en Allariz, nesta casa, no ano 1926. Dende neno amosa un espírito inquisitivo e imaxinativo incesante, ao que non é alleo o ambiente cultural no que desenvolve a súa vida a carón de seu pai; de seu padriño, Ramón Otero; dos amigos da familia Florentino López-Cuevillas, Xaquín Lorenzo, Prego de Oliver, Segundo Alvarado, Ricardo Outeiriño, Luís Trabazo, Ernesto Gómez del Valle, Conde Corbal, ...

Amigo, asemade, de Valente, López Cid, Virxilio, Quesada, Arturo Baltar, Acisclo Manzano, Arturo Lezcano e outros que, coma el, compartiron experiencias na tertulia de seu pai e fóra dela día a día.

Comeza estudos de Dereito, mais as leis puideron con el. Traballa no Montepio, mais a burocracia afógao. Retoma aos estudos, agora de Filosofía. Convértese en discípulo e protexido do lingüista Rafael Lapesa.

Con máis de 30 anos decide marchar a Toulouse como lector de castellano. Coñece a Annie e casan. Trasládanse a Eugene-Oregon (USA) e permanecen aló un curso. Axiña pasan á Universidade Laval, en Québec, na que o Antón é profesor durante 30 anos. Adoptan a dúas nenas galegas, as súas fillas Anita e Florita.

Interésase fondamente polo nacionalismo canadiano francófono, e redescubre Galiza coa que manterá ininterrompido contacto. Publica numerosas novelas en lingua galega e da pulo, coa intervención inestimábel do Concello alaricán, da Fundación que leva o nome de don Vicente.

Frustrado sempre por non ter a consideración de emigrante, retorna á terra, na que morre un 8 de febreiro de 1998. Descansa no Arnoia, o río que, segundo escribiu don Vicente, *conserva para os de Allariz toda a beleza da vida e a felicidade dos paradisos perdidos.*

Antón estivera, nos anos 60, en París, vivindo no mesmo cuarto, clandestinamente, co Virxilio. Durante esa estadía compartiu experiencias co pintor, para quen chegou a traballar de modelo.

Estas caricaturas que hoxe mostra a Fundación Vicente Risco son unha proba máis do interese do Antón polo mundo da arte, mesmo con obra propia, talento herdado de seu pai e da súa continua relación co mundo da plástica, cuxa historia, estilos, tendencias e autores coñecía polo miúdo, amais de constituír a súa maior vocación despois da literaria e pedagóxica. Nesta obra adicional verqueu, naturalmente, a imaxinación e a permanente esculca que o caracterizaban.

